

I. DISPOSICIONES XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

4266 *Circular 4/2020, do 31 de marzo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de retribución da distribución de gas natural.*

O Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exixencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, modificou a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia; a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

A través da dita modificación asígnase á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, entre outras, a función de establecer para o sector do gas natural, e mediante circular, a metodoloxía, os parámetros e a base de activos para a retribución das instalacións de distribución de gas natural, conforme as orientacións de política enerxética, segundo dispón o artigo 7.1.h) da Lei 3/2013, do 4 de xuño. Doutra banda, o artigo 75 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, sobre dereitos dos distribuidores, establece que estes terán dereito, entre outros, ao recoñecemento dunha retribución polo exercicio das súas actividades dentro do sistema gasista nos termos establecidos no capítulo VII do título IV da devandita lei. Así mesmo, o artigo 7.1 bis da citada Lei 3/2013, do 4 de xuño, establece a función da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de aprobar, mediante resolución, as contías da retribución da actividade de distribución de gas natural.

Para o ano 2020, a dita retribución deberá aterse á metodoloxía de cálculo establecida no anexo X da Lei 18/2014, do 15 de outubro. A metodoloxía de retribución establecida por medio de circular será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Mediante a Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, establecéronse as orientacións de política enerxética. O punto noveno indica, en particular, as correspondentes á retribución da distribución de gas natural.

Considérase que a metodoloxía de actividade que rexeu o marco retributivo da distribución de gas natural desde a súa orixe, tomando como actividade base o ano 2000, segue sendo adecuada. Con todo, cómpre axustar a retribución dos puntos de subministración e a súa demanda existente en 2000 de forma que se cumpran máis fielmente os principios retributivos establecidos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, e na Lei 18/2014, do 15 de outubro.

A circular axústase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sobre principios de boa regulación.

A necesidade da circular vén determinada polo feito de que o desenvolvemento dunha nova metodoloxía retributiva é o instrumento máis eficaz para adaptar o modelo retributivo vixente co obxecto de reconducir os desequilibrios observados nel.

A proporcionalidade da circular deriva do feito de conter a regulación imprescindible para determinar a retribución anual dos titulares polo desempeño da actividade de distribución. Isto é, establece as fórmulas para determinar a retribución das empresas, recolle os procedementos que deben seguir e a información que deben achegar, así como o método para asignar a retribución tras operacións de compravenda de instalacións.

A circular apróbase de acordo co novo marco competencial definido na normativa europea e que foi trasposto polo Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, segundo o xa

indicado. Pola súa banda, a circular establece un marco normativo estable para o período 2021-2026, en consonancia co disposto na Lei 18/2014, do 15 de outubro. A circular é predicible porque está baseada nos principios que emanan da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e a Lei 18/2014, do 15 de outubro, preserva os aspectos recollidos en metodoloxías anteriores, adaptándoas ao mercado de gas, en liña cos informes desta comisión de análise do sector. Por último, a circular integra os novos desenvolvementos coa normativa vixente, o que xera un marco normativo coherente, claro e certo, que facilita o seu coñecemento e comprensión, para vertebrar a actuación e toma de decisións polos interesados.

O principio de transparencia cúmprese ao definir claramente os obxectivos da circular e a súa xustificación. Durante a tramitación cúmplíronse todas as exixencias normativas en materia de participación e audiencia de interesados.

O principio de eficiencia respéctase porque a circular busca xerar as menores cargas administrativas para os administrados, así como os menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos necesarios. Para iso, determináronse e analizáronse cales eran os procedementos administrativos explícitos e implícitos resultantes da aplicación da metodoloxía retributiva vixente, co obxecto de adaptalos a outros procesos e procedementos administrativos recollidos na normativa sectorial (autorización de instalacións, peche de instalacións, liquidación de ingresos xerados contra retribución recoñecida das empresas, etc.).

O modelo retributivo proposto recolle medidas que, con diferente nivel de relevancia, se corresponden con recomendacións de melloras realizadas por esta comisión en diversos informes sobre os diferentes modelos retributivos establecidos pola Lei 34/1998, do 7 de outubro, e a Lei 18/2014, do 15 de outubro.

A circular establece que a retribución dunha empresa polo uso das súas instalacións de distribución de gas natural, excluídas as acometidas ou outras instalacións ou servizos con prezos regulados, será a resultante de aplicar unha fórmula consistente na suma da retribución base, unha retribución por desenvolvemento de mercado e unha retribución transitoria de distribución, ademais do incentivo por liquidación de diminucións, regulado na Orde IET/2446/2013, do 27 de decembro, pola que se establecen as peaxes e canons asociados ao acceso de terceiros ás instalacións gasistas e a retribución das actividades reguladas, á parte doutros compoñentes.

A retribución base (RDE) é o resultado de restar á retribución calculada conforme a metodoloxía prevista no anexo X da Lei 18/2014, do 15 de outubro, para as instalacións e puntos de subministración existentes no ano 2020, un axuste retributivo da actividade de distribución aplicable á empresa no período regulatorio 2021-2026. Así pois, a circular establece unha retribución da actividade axustada para aqueles puntos de subministración e de demanda existentes no ano 2000 coa retribución establecida na retribución por desenvolvemento de mercado para os novos puntos de subministración e demanda.

A retribución por desenvolvemento de mercado (RDM) vincúlase cos novos puntos de subministración que se establezan a partir do ano 2021 e determínase en función de determinados parámetros.

A retribución transitoria de distribución (RTD) consiste en sumar ao resultado do anterior unha cantidade correspondente a unha porcentaxe do axuste retributivo da actividade de distribución (AAD) que vai diminuindo progresivamente ao longo do período regulatorio 2021-2026.

Xunto a iso, introdúcense incentivos para a promoción do uso de gas natural no transporte terrestre co propósito de fomentar o seu uso fronte a outros hidrocarburos máis contaminantes.

A circular tamén se fundamenta no establecemento dun sistema de información regulatoria de custos necesario para contrastar se as empresas distribuidoras están recibindo pola súa actividade de distribución de gas natural unha rendibilidade adecuada, nos termos que dispón o artigo 60.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

Así mesmo, solicítase ás distribuidoras que faciliten información anual sobre instalacións de distribución, os plans de desenvolvemento e de peche de instalacións.

Co fin de introducir o incentivo para construír só investimentos xustificadas pola súa previsión de demanda, establécese que a retribución por desenvolvemento de mercado devindicada nun ano, nun municipio de gasificación recente, como máximo poderá ser igual ao valor dos ingresos habidos pola facturación das peaxes de distribución no devandito municipio durante o citado ano.

A circular inclúe, así mesmo, un tratamento do concepto de actividade conexas para efectos retributivos, entendida como aquela actividade distinta das actividades con réxime económico regulado cuxa prestación comporta o uso ou consumo de recursos das actividades con réxime económico regulado.

Outra novidade desta consiste na inclusión dun principio de prudencia financeira requirido ás empresas distribuidoras de gas natural.

Esta circular despraza as disposicións anteriores ao Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, que regulaban a retribución da actividade de distribución, disposicións que, nas materias que son obxecto de regulación desta circular, debeñen agora inaplicables conforme o establecido no citado real decreto lei. Dado que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exerce esta competencia por primeira vez, a circular non inclúe unha disposición derogatoria. Este efecto prodúcese sen prexuízo de que, a través, se é o caso, de mecanismos de cooperación, se poida articular unha táboa de vixencias para facilitar o cofecemento das normas aplicables nestas materias, así como que se dea publicidade, a través das oportunas páxinas web, ao compendio de normas aplicables, estruturado por materias.

Por todo o anterior, e conforme as funcións asignadas polo artigo 7.1.h) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, logo de trámite de audiencia e de acordo coas orientacións de política enerxética establecidas na Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do día 31 de marzo de 2020, conveu, de acordo co Consello de Estado, emitir a presente circular.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente circular establece a metodoloxía para determinar a retribución anual dos suxeitos que realizan a actividade de distribución de gas natural polos custos incorridos financiados con cargo aos ingresos polas peaxes e canons establecidos polo uso destas. A presente metodoloxía será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta circular será de aplicación ás instalacións definidas no artigo 59.4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Así mesmo, aplicarase ás instalacións de transporte secundario que na data de entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, non dispuxesen de proxecto de execución aprobado.

Tamén será de aplicación ás instalacións de distribución de gases manufacturados ou aire propanado distintos ao gas natural e situadas en territorios insulares e extrapeninsulares mentres sexa de aplicación a disposición transitoria vixésima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, ou non se desenvolva unha regulación regulamentaria singular para a subministración de gas natural neles, tal e como recolle o artigo 60.5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

Artigo 3. *Principios e criterios xerais.*

1. A metodoloxía para determinar a retribución da actividade de distribución de gas natural atenderá a criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación, e serán de aplicación os principios xerais establecidos no artigo 92 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e nos artigos 59 e 60 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

2. De conformidade co artigo 60.2 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, os parámetros utilizados na metodoloxía de retribución que desenvolve esta circular fixaranse tendo en conta a situación cíclica da economía, a demanda de gas, a evolución dos custos, as melloras de eficiencia, o equilibrio económico e financeiro do sistema e a rendibilidade adecuada para estas actividades por períodos regulatorios que terán unha vixencia de seis anos, salvo que unha norma de dereito comunitario europea estableza unha vixencia do período regulatorio distinta.

3. Durante cada período regulatorio non se aplicarán fórmulas de actualización automática aos valores dos parámetros utilizados para calcular a retribución das empresas.

4. Os parámetros e valores de retribución establecidos nesta circular poderán ser revisados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia antes do comezo do seguinte período regulatorio e, en particular, como consecuencia da aprobación de orientacións de política enerxética por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co previsto no artigo 1 do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, para a súa aplicación ao seguinte período regulatorio.

Se non se leva a cabo esta revisión, entenderanse prorrogados para o período regulatorio seguinte, de conformidade co establecido no artigo 63.2 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

5. Con carácter xeral, a información requirida que teña efectos no cálculo da retribución estará suxeita a auditoría externa, todo iso sen prexuízo de requirimentos de información adicional, de posteriores inspeccións ou dunha auditoría ulterior se se considera oportuna.

Artigo 4. *Períodos regulatorios.*

1. Os períodos regulatorios sucederanse de forma consecutiva cunha vixencia de seis anos, de conformidade co artigo 60.2 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

2. O período regulatorio descompoñerase en anos de gas completos, ou as súas fraccións, para permitir a coordinación temporal da retribución cos períodos de aplicación de peaxes e canons de distribución, por extensión e integración cos que se determinen para o transporte de acordo co Regulamento (UE) 2017/460 da Comisión, do 16 de marzo de 2017, polo que se establece un código de rede sobre a harmonización das estruturas tarifarias de transporte de gas.

3. Considérase que o ano de gas «a» para o que se determina a retribución dunha empresa distribuidora ten a duración comprendida entre o 1 de outubro do ano «a-1» e o 30 de setembro do ano «a», ambos os dous incluídos.

CAPÍTULO II

Retribución de distribución

Artigo 5. *Retribución anual polos custos incorridos na actividade de distribución.*

1. A retribución devindicada para ano de gas «a» dunha empresa «e» polos custos incorridos na actividade de distribución de gas natural, excluídas as acometidas ou outras instalacións ou servizos con prezos regulados que resulten da aplicación da Lei 34/1998, do 7 de outubro; da Lei 18/2014, do 15 de outubro, e da súa normativa de desenvolvemento, e a realización das funcións asignadas á distribución, que son financiadas con cargo aos ingresos polas peaxes e canons establecidos polo uso das instalacións (RD_a^e), será a resultante de aplicar a seguinte fórmula:

$$RD_a^e = RDE_{2020}^e + RDM_a^e + RTD_a^e + IM_a^e$$

Onde:

RDE_{2020}^e : é a retribución base que se define como a retribución de distribución polo mercado existente en 31 de decembro de 2020, para a empresa «e» para o período regulatorio 2021-2026.

RDM_a^e : é a retribución por desenvolvemento de mercado para o ano «a» para a empresa «e».

RTD_a^e : é a retribución transitoria de distribución para o ano «a» da empresa «e».

IM_a^e : é o incentivo positivo ou negativo, pola liquidación das diminucións de gas para o ano «a» da empresa «e», determinado de acordo co disposto no artigo 14 da Orde IET/2446/2013, do 27 de decembro, ou disposición que a substitúa.

En caso de ser necesario determinar o valor dalgunha destas retribucións para unha fracción do ano de gas «a» e non existir un mecanismo específico que o determine, o seu valor calcularase de forma proporcional aos días da fracción.

Unha vez determinada a retribución anual de cada empresa distribuidora conforme o establecido neste punto, realizarase o axuste retributivo previsto no artigo 9 e aplicarase, se é o caso, a penalización relativa á prudencia financeira prevista no artigo 13.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, logo de trámite de audiencia, as resolucións que establezan a retribución devindicada para o ano de gas «a» das empresas de distribución de gas natural.

3. Cando se detecten erros materiais, de feito ou aritméticos, derivados das declaracións efectuadas polas empresas distribuidoras, dos informes de auditoría achegados, dos cálculos levados a cabo pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou das inspeccións e comprobacións realizadas por esta comisión, tramitarase o procedemento para a súa rectificación.

Artigo 6. *Retribución base.*

1. A retribución base para a empresa «e» para o período regulatorio 2021-2026 (RDE_{2020}^e) determínase de acordo coa seguinte fórmula:

$$RDE_{2020}^e = RD_{anexo X}^e - AAD_{2000}^e$$

Onde:

$RD_{anexo X}^e$: é a retribución por distribución definitiva para a empresa «e» no ano 2020 calculada segundo o anexo X da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

AAD_{2000}^e : é o axuste retributivo da actividade de distribución aplicable á empresa «e» no período regulatorio 2021-2026, que se efectuará aplicando a seguinte fórmula:

$$AAD_{2000}^e = PS_{\leq 4 b, 2000}^e \times (RMPS_{p \leq 4b} - NRPS_{p \leq 4b}) + V_{\leq 4 b, 2000}^e \times (RMGS_{p \leq 4b} - NRGs_{p \leq 4b}) + V_{> 4 b, 2000}^e \times (RMGS_{p > 4b} - NRGs_{p > 4b})$$

Onde:

$PS_{\leq 4 b, 2000}^e$: é a cantidade de puntos de subministración determinados para o ano 2000 en redes de distribución de gas natural de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares correspondentes á empresa «e».

$RMPS_{p \leq 4b}$: é a retribución unitaria media por punto de subministración conectada a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares que foi calculada para a Lei 18/2014, do 15 de outubro, conforme o establecido no artigo 2.5 da Orde IET/2355/2014, do 12 de decembro, cuxo valor é de 112,182374639316 €/PS.

$NRPS_{p \leq 4b}$: é a retribución unitaria por punto de subministración conectada a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares, establecida no anexo X da Lei 18/2014, do 15 de outubro, cuxo valor é de 50 €/PS.

$V_{\leq 4 b, 2000}^e$: é a cantidade de gas natural determinada para o ano 2000 e a empresa «e» correspondente aos puntos de subministración determinados para o ano 2000 en redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares.

$RMGS_{p \leq 4b}$: é a retribución unitaria media pola demanda de gas natural subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares, que foi calculada para a Lei 18/2014,

do 15 de outubro, conforme o establecido no artigo 2.5 da Orde IET/2355/2014, do 12 de decembro, cuxo valor é de 5,06700569697317 €/MWh.

$NRGS_{p \leq 4b}$: é a retribución unitaria pola cantidade de gas natural subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares. O seu valor será o resultante de ponderar os valores unitarios establecidos no anexo X da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de 7,5 €/MWh e de 4,5 €/MWh polos consumos anuais inferiores ou iguais a 50 MWh e os consumos anuais superiores a 50 MWh, segundo a proporción do mercado de 2002 recollida na «Liquidación definitiva do exercicio 2002», do 19 de decembro de 2007 (distribución de vendas por grupos de peaxes e tarifas do grupo 3).

$V_{>4b,2000}^e$: é a cantidade de gas natural determinada para o ano 2000 e a empresa «e» correspondente aos puntos de subministración determinados para o ano 2000 en redes de distribución de presión maior a 4 bares.

$RMGS_{p > 4b}$: é a retribución unitaria media pola demanda de gas natural subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño maior a 4 bares, que foi calculada para a Lei 18/2014, do 15 de outubro, conforme o establecido no artigo 2.5 da Orde IET/2355/2014, do 12 de decembro, cuxo valor é de 1,66434396169683 €/MWh.

$NRGS_{p > 4b}$: é a retribución unitaria pola cantidade de gas natural subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño maior a 4 bares, establecida no anexo X da Lei 18/2014, do 15 de outubro, cuxo valor é de 1,25 €/MWh.

2. Para determinar os valores de $PS_{\leq 4b,2000}^e$, $V_{\leq 4b,2000}^e$, $V_{>4b,2000}^e$ aplicarase de forma xeral o seguinte procedemento:

a) Para o valor de $PS_{\leq 4b,2000}^e$ tomarase o valor do número de puntos de subministración de 2002 considerados para determinar a retribución de 2003 da empresa «e» pola Orde ECO/31/2003, do 16 de xaneiro, e a súa memoria, minorados nun 16,2 %.

b) Para o valor de $V_{\leq 4b,2000}^e$ tomarase o valor de demanda de 2002 considerada para determinar a retribución de 2003 da empresa «e» pola Orde ECO/31/2003, do 16 de xaneiro, e a súa memoria, minorados nun 16,2 %.

c) Para o valor de $V_{>4b,2000}^e$ tomarase o valor de demanda de 2002 considerada para determinar a retribución de 2003 da empresa «e» pola Orde ECO/31/2003, do 16 de xaneiro, e a súa memoria, minorados nun 16,2 %.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia efectuará os requirimentos de información e aprobará as resolucións que sexan necesarias para determinar o axuste retributivo aos actuais titulares das redes en vista dos cambios que tivesen lugar como consecuencia das operacións societarias ocorridas sobre as empresas recollidas na Orde ECO/31/2003, do 16 de xaneiro. As sinaladas resolucións poderán incluír cálculos e reparticións que atendan á información física das instalacións e á súa data de posta en marcha, así como á evolución da demanda e dos puntos de subministración asociados a esas instalacións.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, logo de trámite de audiencia, as resolucións que se establezan para cada empresa distribuidora «e» o axuste retributivo da actividade de distribución (AAD_{2000}^e) e a retribución base (RDE_{2020}^e) con carácter provisional a partir dos datos dispoñibles ao establecer a retribución do ano 2021 e, con carácter definitivo, a partir dos datos da liquidación definitiva do ano 2020.

Artigo 7. *Retribución por desenvolvemento de mercado.*

1. A retribución por desenvolvemento de mercado devindicada para o ano de gas «a» dunha empresa «e» (RDM_a^e) é a retribución pola actividade de distribución en servizo desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 30 de setembro do ano gas «a» e pola realización das funcións asignadas á distribución da empresa «e», realizadas por unha empresa eficiente

e ben xestionada de acordo co principio de realización da actividade ao menor custo para o sistema gasista de forma que o risco do seu desenvolvemento corresponde ao titular das instalacións. O seu valor determinarase mediante a seguinte fórmula:

$$\begin{aligned} RDM_a^e = & RPS_{p \leq 4b}^{mg} \times \Delta PS_{p \leq 4b}^{mg,e} + RPS_{p \leq 4b}^{mgr} \times \Delta PS_{p \leq 4b}^{mgr,e} + RGS_{p \leq 4b}^{50MWh} \times \Delta GSF_{p \leq 4b}^{50MWh,e} + RGS_{p \leq 4b}^{8GWh} \\ & \times \Delta GSF_{p \leq 4b}^{8GWh,e} + RGS_{p < 60b}^{Resto} \times \Delta GSF_{p < 60b}^{Resto,e} + RGS_{4 < p < 60b}^{NPS} \times GSF_{4 < p < 60b}^{NPS,e} \\ & + RGS_{EES} \times GSF_{EES}^e \end{aligned}$$

Onde:

$RPS_{p \leq 4b}^{mg}$: é a retribución unitaria por punto de subministración (PS) conectado a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares en municipios gasificados. O seu valor definirase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

$\Delta PS_{p \leq 4b}^{mg,e}$: é a variación do número de puntos de subministración conectados a redes de distribución da empresa «e» con presión máxima de deseño inferior ou igual a 4 bares en municipios gasificados, calculada como diferenza entre o número de puntos de subministración en servizo en 30 de setembro do ano de gas «a» e en 31 de decembro de 2020.

$RPS_{p \leq 4b}^{mgr}$: é a retribución unitaria por punto de subministración (PS) conectado a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares en municipios de gasificación recente. O seu valor definirase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

$\Delta PS_{p \leq 4b}^{mgr,e}$: é a variación do número de puntos de subministración conectados a redes de distribución da empresa «e» con presión máxima de deseño inferior ou igual a 4 bares en municipios de gasificación recente, calculada como diferenza entre o número de puntos de subministración en servizo en 30 de setembro do ano de gas «a» e en 31 de decembro de 2020.

$RGS_{p \leq 4b}^{50MWh}$: é a retribución unitaria polo gas natural subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares con consumo anual inferior ou igual a 50 MWh. O seu valor definirase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

$\Delta GSF_{p \leq 4b}^{50MWh,e}$: é a variación da cantidade de gas natural subministrado e facturado pola empresa «e» a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares con consumo anual inferior ou igual a 50 MWh, calculada como a diferenza entre as cantidades de gas facturadas no ano de gas «a» e no ano natural 2020 para este tipo de puntos de subministración.

$RGS_{p \leq 4b}^{8GWh}$: é a retribución unitaria polo gas natural subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares con consumo anual superior a 50 MWh e inferior ou igual a 8 GWh. O seu valor definirase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

$\Delta GSF_{p \leq 4b}^{8GWh,e}$: é a variación da cantidade de gas natural subministrado e facturado pola empresa «e» a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares con consumo anual superior a 50 MWh e inferior ou igual a 8 GWh, calculada como a diferenza entre as cantidades de gas facturadas no ano de gas «a» e no ano natural 2020 para este tipo de puntos de subministración.

$RGS_{p < 60b}^{Resto}$: é a retribución unitaria polo gas natural subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño entre 4 e 60 bares e a aqueles que están conectados a redes de distribución de presión igual ou inferior a 4 bares con consumo anual superior a 8 GWh. O seu valor definirase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

$\Delta GSF_{p < 60b}^{Resto,e}$: é a variación da cantidade de gas natural subministrado e facturado pola empresa «e» ao resto de puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño entre 4 e 60 bares e a aqueles que están conectados a redes de distribución de presión igual ou inferior a 4 bares con consumo anual superior a 8 GWh,

calculada como a diferenza entre as cantidades de gas facturadas no ano gas «a» e no ano natural 2020 para este tipo de puntos de subministración.

$RGS_{4 < p < 60 b}^{NPS}$: é a retribución unitaria adicional polo gas natural subministrado e facturado a novos puntos de subministración conectados a novas redes de distribución de presión máxima de deseño entre 4 e 60 bares postos en servizo despois do 31 de decembro de 2020, durante os primeiros 5 anos de gas desde que o punto de subministración inicie o seu consumo. O seu valor definirase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

$GSF_{4 < p < 60 b}^{NPS, e}$: é a cantidade de gas natural subministrado e facturado no ano de gas «a» pola empresa «e» correspondente a novos puntos de subministración conectados a novas redes de distribución de presión máxima de deseño entre 4 e 60 bares que son postos en servizo despois do 31 de decembro de 2020, durante os primeiros 5 anos desde que o punto de subministración inicie o seu consumo.

RGS_{ESS} : é a retribución unitaria adicional polo gas natural facturado a puntos de subministración conectados á rede de distribución correspondentes a estacións de servizo para a súa venda como gas natural vehicular. O seu valor definirase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

GSF_{ESS}^e : é a cantidade de gas natural facturada no ano de gas «a» pola empresa «e» en puntos de subministración conectados á rede de distribución correspondentes a estacións de servizo para a súa venda como gas natural vehicular.

2. Para os efectos das definicións anteriores:

a) Considérase punto de subministración en servizo nunha data dada aquel ao cal se lle facturaron peaxes por ter un contrato de subministración de gas vixente ou por por terlle fornecido unha cantidade de gas na devandita data.

b) Considérase cantidade de gas natural facturada no ano de gas «a» os datos da liquidación definitiva do ano de gas «a» sen refacturacións correspondentes a cantidades anteriores ao 1 de xaneiro de 2021.

c) Considérase cantidade de gas natural facturada no ano natural 2020 os datos da liquidación definitiva do ano 2020 sen refacturacións correspondentes a cantidades anteriores ao 1 de xaneiro de 2020.

d) Non se computará a cantidade de gas subministrado e facturado no ano de gas «a» pola empresa «e» correspondente a puntos de subministración que en 30 de xuño de 2019 estean conectados a instalacións a presión máxima de deseño igual ou superior a 60 bares, ou a instalacións dun transportista.

3. Un termo municipal será cualificado de gasificación recente durante os cinco primeiros anos de gas «a» en que se desenvolve por primeira vez no seu territorio unha rede de distribución cuxa primeira posta en servizo sexa posterior ao 31 de decembro de 2020. Para efectos de cómputo, o primeiro dos cinco anos de gas será aquel en que se obteña a primeira acta de posta en servizo dalgunha instalación das súas redes de distribución (planta satélite, antena de conexión con rede de transporte, ERM/EM ou gasodutos de rede de distribución) con independencia de que existan puntos de subministración conectados a elas.

A retribución por desenvolvemento de mercado devindicada para o ano de gas «a», nun municipio de gasificación recente, como máximo poderá ser igual ao valor dos ingresos habidos pola facturación das peaxes de distribución no devandito municipio durante o citado ano de gas «a».

4. A retribución provisional por desenvolvemento de mercado para o ano de gas «a» da empresa «e» calcularase coa información declarada ao sistema de liquidacións. A información relativa ao número de puntos de subministración obterase do valor declarado na última liquidación provisional aprobada para o ano de gas «a-1» dispoñible no momento de cálculo. A información relativa á cantidade de gas subministrado e facturado a puntos de subministración obterase a partir dos datos dispoñibles coa última liquidación provisional

aprobada para o ano de gas «a-1», considerando como datos correspondentes ao ano de gas «a» os acumulados dos últimos dozes meses de facturación.

5. A retribución definitiva por desenvolvemento de mercado para o ano de gas «a» da empresa «e» calcularase co número de puntos de subministración no final do ano de gas e as cantidades de gas subministrado e facturado a puntos de subministración habidas no ano de gas «a» segundo a liquidación definitiva aprobada para o devandito ano.

6. A información que faciliten as empresas, para efectos da cobranza e liquidación da retribución recoñecida correspondente a puntos de subministración e ás cantidades de gas subministradas e facturadas aos devanditos puntos, deberá ter a desagregación suficiente para a aplicación da fórmula deste artigo (rangos de presión, consumo, municipio, etc.) con independencia da estrutura de peaxes e canons que se poida aplicar en cada momento.

7. As cantidades de gas natural facturadas ou refacturadas no ano de gas «a» correspondentes a exercicios anteriores ao 1 de xaneiro de 2021 serán retribuídas de acordo co anexo X de Lei 18/2014, do 15 de outubro.

Artigo 8. *Retribución transitoria de distribución.*

Establécese unha retribución transitoria de distribución para o ano de gas «a» dunha empresa «e» (RTD_a^e), para realizar no período regulatorio 2021-2026 unha aplicación gradual do axuste retributivo da actividade de distribución segundo as seguintes porcentaxes para cada ano de gas «a»:

	2021 (xan. 21-set. 21)	2022 (out. 21-set. 22)	2023 (out. 22-set. 23)	2024 (out. 23-set. 24)	2025 (out. 24-set. 25)	2026 (out. 25-set. 26)
RTD_a^e	$\frac{1}{4} * 85\% AAD_{2000}^e$	$70\% AAD_{2000}^e$	$50\% AAD_{2000}^e$	$35\% AAD_{2000}^e$	$15\% AAD_{2000}^e$	$0\% AAD_{2000}^e$

Artigo 9. *Produtos e servizos conexos.*

1. As empresas que proporcionen a terceiros produtos ou servizos conexos para cuxa prestación utilicen as instalacións e recursos retribuídos con cargo ao réxime económico establecido nesta circular declararán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, antes do 1 de xullo de cada ano, os produtos e servizos conexos correspondentes ao ano natural anterior e a súa previsión para o ano en curso, con detalle individualizado, indicando o seu alcance, empresa ou entidade compradora ou beneficiaria, ingresos percibidos, custos e instalacións asociados, beneficios obtidos, datas de inicio e fin da prestación, e achegarán os contratos asinados relativos ás ditas prestacións.

Os custos, ingresos e beneficios declarados polos produtos e servizos conexos teranse en conta para determinar as correspondentes retribucións.

2. En ningún caso a realización dun produto ou servizo conexo pode supoñer un custo adicional para as actividades con metodoloxía retributiva regulada.

3. Para cada produto ou servizo conexo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará mediante resolución, logo de trámite de audiencia, a metodoloxía de axuste retributivo que se deba realizar. Esta metodoloxía terá en conta, en todo caso, os custos directos e indirectos dos activos empregados, así como o custo en que, de non mediar o emprego destes activos, se tería incorrido para poder realizar esoutras actividades. Así mesmo, poderán terse en conta, entre outros factores, o ingreso polas actividades diferentes á distribución, a contribución ao devandito ingreso realizada polos activos regulados ou as circunstancias que poidan concorrer respecto das cesións do uso dos activos entre sociedades dun mesmo grupo ou terceiras sociedades.

4. Anualmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá por resolución o importe da menor retribución que se percibirá no ano de gas «a+1», para cada empresa e para cada produto e servizo conexo efectuado durante o ano natural anterior.

CAPÍTULO III

Inclusión no sistema retributivo

Artigo 10. *Inclusión dunha nova distribuidora no réxime retributivo.*

1. A inclusión no réxime retributivo dunha nova distribuidora realizarase, logo de trámite de audiencia, mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sen prexuízo do resto de autorizacións administrativas necesarias a que fan referencia o artigo 55 e o artigo 73 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

A resolución de inclusión no réxime retributivo establecerá a data de inclusión nel e determinará, segundo proceda, a retribución provisional á conta ou a retribución definitiva da distribuidora desde o ano de inicio do pagamento.

2. A distribuidora deberá solicitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a inclusión no réxime retributivo. Á solicitude xuntarase a seguinte documentación:

a) Memoria de actividade en que se farán constar, para os primeiros 10 anos de funcionamento e con detalle anual, a zona xeográfica de actuación (nomes e código INE dos municipios), os investimentos previstos, a previsión de gas subministrado en MWh/ano e o número de puntos de subministración que deban poñerse en servizo, e se identificarán polo seu nome e localización aqueles puntos de subministración con consumo anual maior ou igual a un GWh/ano.

b) Balances de situación en 31 de decembro e contas anuais de resultados previstos dos primeiros 5 anos.

c) Resolucións de autorización administrativa das instalacións de distribución.

d) Actas de posta en servizo ou certificación da comunidade autónoma correspondente de posta en gas das instalacións.

3. A retribución anual inicial determinarase aplicando o establecido no artigo 7, sobre a retribución por desenvolvemento de mercado, coa información dispoñible do número de puntos de subministración e do gas subministrado dos anos que corresponda no momento de cálculo.

Artigo 11. *Retribución das instalacións de distribución obxecto de transmisión de titularidade.*

1. Os titulares implicados nunha transmisión de titularidade de instalacións dunha rede de distribución de gas natural deberán notificalo á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a súa toma en consideración para efectos do réxime retributivo.

A dita notificación realizarase no prazo de dez días desde que se faga efectiva a transmisión e irá acompañada da seguinte documentación:

a) Identificación das instalacións de distribución obxecto da transmisión.

b) Notificación da data efectiva da transmisión das instalacións.

c) Escritura notarial rexistrada da transmisión da titularidade das instalacións.

d) Autorización administrativa de transmisión da titularidade das instalacións emitida pola autoridade competente.

2. O transmitente terá dereito a recibir a retribución establecida para o ano de gas «a» das instalacións transmitidas ata o día anterior á data efectiva da transmisión, mentres que o novo titular terá dereito a recibir a retribución establecida para as instalacións transmitidas desde a data efectiva de transmisión, incluída esta, ata o final do ano de gas «a» dos seguintes conceptos retributivos:

a) Retribución base (RDE_{2020}^e).

b) Retribución transitoria de distribución (RTD_a^e).

c) Retribución por desenvolvemento de mercado (RDM_a^e).

d) Incentivo pola liquidación das diminucións asociadas á instalación transmitida (IM_a^e).

3. A retribución base (RDE_{2020}^e) das instalacións transmitidas calcularase de acordo co seguinte procedemento:

a) Determinarase a RDE_{2020}^e das instalacións transmitidas e non transmitidas de acordo co mercado existente en 2020 en cada unha delas e obterase a retribución base tanto das instalacións transmitidas ($RDE_{2020}^{T,e1}$) como das non transmitidas ($RDE_{2020}^{NT,e1}$).

b) A retribución base da empresa transmitente «e1» e da empresa adquirente «e2» para o ano «a» das instalacións anteriores terá en conta os días de titularidade de cada unha delas e obterase aplicando as seguintes fórmulas:

$$RDE_a^{NT,e1} = \frac{d_a}{\text{Días Ano } a} \times RDE_{2020}^{NT,e1}$$

$$RDE_a^{T,e1} = \frac{d_{Tit e1}}{\text{Días Ano } a} \times RDE_{2020}^{T,e1}$$

$$RDE_a^{T,e2} = \frac{d_{Tit e2}}{\text{Días Ano } a} \times RDE_{2020}^{T,e1}$$

Onde $d_{Tit e1}$ e $d_{Tit e2}$ son os días de titularidade das empresas transmitente e adquirente no ano de gas «a», respectivamente.

4. A repartición da retribución transitoria de distribución (RTD_a^e) realízase de acordo co seguinte procedemento:

a) Repartirase a (RTD_a^e) entre as instalacións transmitidas ($RTD_a^{T,e1}$) e non transmitidas ($RTD_a^{NT,e1}$) de acordo coa proporción existente entre a $RDE_{2020}^{NT,e1}$ e $RDE_{2020}^{T,e1}$.

b) A retribución transitoria de distribución da empresa transmitente «e1» e a empresa adquirente «e2» para o ano «a» das instalacións anteriores terá en conta os días de titularidade de cada unha delas e obterase aplicando o método do punto 3.b).

5. A retribución por desenvolvemento de mercado das instalacións transmitidas $RDM_a^{T,e1}$ e $RDM_a^{T,e2}$ efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

a) Determinase a retribución por desenvolvemento de mercado das instalacións transmitidas considerando a demanda de gas acumulada no ano de gas «a» e os puntos de subministración en 30 de setembro do ano de gas «a».

b) O valor obtido repartirase entre transmitente e adquirente en función dos días de titularidade de cada un deles no ano de gas «a».

6. O incentivo pola liquidación das diminucións asociadas á instalación transmitida (IM_a^e) calcularase de acordo co previsto no artigo 5 e será proporcional aos días correspondentes de cada empresa.

7. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá por resolución, logo de trámite de audiencia, a repartición entre titulares dos importes anuais de retribución asociados ás instalacións transmitidas, e os axustes que se deban realizar na retribución de cada empresa no ano da transmisión dos conceptos de retribución base (RDE_{2020}^e), retribución transitoria de distribución (RTD_a^e), retribución por desenvolvemento de mercado (RDM_a^e) e incentivo pola liquidación das diminucións asociadas á instalación transmitida (IM_a^e).

CAPÍTULO IV

Outras disposicións

Artigo 12. *Instalacións de distribución, plans de desenvolvemento e de peche de instalacións.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia solicitará información, que deberá presentarse antes do 15 de decembro de cada ano, das redes en servizo en 31 de decembro do ano anterior e os plans de desenvolvemento e de peche de instalacións das empresas distribuidoras para o ano en curso e os dez anos seguintes.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia facilitará o acceso á información enviada tanto ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico como ás comunidades autónomas que o soliciten no ámbito das súas competencias.

2. A información das redes de distribución en servizo conterá, como mínimo, o seguinte detalle:

- a) As coordenadas da traza baseada en cartografía dixital de procedencia oficial.
- b) Código identificación de tramo de obra lineal (CITOL) ou de acometida (Citac).
- c) Municipio onde se sitúa o tramo ou a acometida.
- d) Ano de posta en servizo por primeira vez do tramo.
- e) Presión de deseño en bares relativos.
- f) Diámetro en polgadas ou en milímetros.
- g) Material da tubaxe (aceiro, polietileno, etc.).
- h) Lonxitude en metros.
- i) Nome e CIF do titular que puxo en servizo a instalación por primeira vez.
- j) De habelo, nome e CIF do titular que traspasou ou vendeu a instalación ao distribuidor declarante.

3. Os plans de desenvolvemento e de peche de instalacións de cada empresa distribuidora incluírán polo menos a seguinte información para cada municipio e para cada ano natural:

a) Para cada rango de presión (maior de 60 bares; igual ou menor de 60 bares e maior a 16 bares; igual ou menor de 16 bares e maior a 4 bares; e menor ou igual a 4 bares): a lonxitude de nova rede de distribución, de rede de GLP transformada e de reposición ou substitución da rede preexistente do municipio cuxa construción estea prevista, expresada en quilómetros cun decimal; o número de novas ERM/EM e, se é o caso, repostas ou substituídas, e o número de puntos de subministración que se prevé poñer en servizo e a súa demanda asociada na nova rede de distribución e nas redes de GLP transformadas a gas natural. Para as novas redes de distribución ou de redes de GLP transformadas, ademais, indícarase se se alimentan desde:

- 1.º Unha instalación de transporte; nese caso indícarase o seu CUAR.
 - 2.º Unha rede de distribución preexistente; nese caso indícarase a presión nominal da canalización a que se conecta a nova rede.
 - 3.º Unha planta satélite de GNL; nese caso indícarase a presión nominal da canalización conectada á planta.
- b) Investimento previsto, en millóns de euros con tres decimais, diferenciando entre o investimento para nova rede ou ERM/EM, para plantas satélites de GNL e para reposición de tubaxe.
- c) Número de novas acometidas e a súa lonxitude en metros.
 - d) Data prevista de posta en explotación das instalacións de distribución, cando se trate dun novo municipio ou de redes de GLP transformadas.
 - e) Estado de tramitación administrativa actual, cando se trate dun novo municipio ou de redes de GLP transformadas.

f) Para cada rango de presión (maior de 60 bares; igual ou menor de 60 bares e maior a 16 bares; igual ou menor de 16 bares e maior a 4 bares; e menor ou igual a 4 bares) a lonxitude da rede de distribución obxecto de peche, expresada en quilómetros cun decimal, e o número de ERM/EM obxecto de peche, con indicación do motivo do peche da instalación.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá os criterios e instrucións que se deberán seguir para elaborar a información que se solicita.

Artigo 13. *Prudencia financeira requirida aos titulares de activos de distribución de gas natural.*

1. Para efectos de incorporar un principio de prudencia financeira requirido aos titulares de activos de distribución de gas natural, establécese unha penalización para as empresas cuxas ratios se sitúen fóra dos rangos de valores recomendables enunciados no punto quinto da Comunicación 1/2019, do 23 de outubro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de definición de ratios para valorar o nivel de endebedamento e a capacidade económico-financiera das empresas que realizan actividades reguladas, e de rangos de valores recomendables destes.

2. A penalización para a empresa «e» para o ano «n» será o resultado de aplicar as seguintes fórmulas.

$$PPF_n^e = -0,01 * R_n^e * (1 - IGR_{n-2}^e), \text{ si } IGR_{n-2}^e < 0,90$$

Onde:

n: é cada ano natural do período regulatorio.

PPF_n^e : é o valor da penalización da empresa «e» no ano «n», en euros.

R_n^e : é a retribución da empresa «e» pola actividade de distribución de gas natural para o ano natural «n», determinada de acordo coa seguinte fórmula:

$$R_n^e = \frac{3}{4} RL_a^e + \frac{1}{4} RL_{a+1}^e$$

Onde:

RL_a^e : é a retribución da empresa «e» pola actividade de distribución de gas natural para o ano de gas «a» segundo as retribucións consideradas para as devanditas actividades na liquidación definitiva do citado ano de gas.

IGR_{n-2}^e : é o índice global de ratios calculado cos estados financeiros do ano «n-2» para a empresa «e», definido no punto sexto da Comunicación 1/2019, do 23 de outubro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. A penalización non será aplicable se deriva da existencia de saldos pendentes de liquidar ao sistema gasista, ou de fianzas e depósitos pendentes de devolver a clientes, que se computaron como débeda.

4. A penalización non será aplicable se a empresa «e» forma parte dun grupo de sociedades en que a matriz do devandito grupo tamén é titular de activos do sistema gasista e, a nivel agregado ou consolidado da dita matriz e as súas filiais titulares de activos de rede, o IGR é superior ou igual a 0,90.

5. O índice global de ratios do ano «n-2» determinarase, para cada titular de activos do sistema gasista, sobre os seus datos relativos ao exercicio «n-2», por resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de audiencia aos interesados, en que poderán alegar sobre os cálculos realizados e sobre a concorrencia dos supostos recollidos nos puntos 3 e 4.

6. O valor da penalización de cada ano natural «n» para cada empresa «e» determinarase por resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 14. *Devindicación da retribución recoñecida.*

As retribucións recoñecidas de forma provisional á conta e as definitivas correspondentes ao ano de gas en curso devindicaránse en proporción ao número de días naturais transcorridos respecto do número de días naturais do ano de gas.

Artigo 15. *Requirimentos de información adicional.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá solicitar dos suxeitos obrigados calquera información que teña por obxecto aclarar o alcance e xustificar o contido das informacións remitidas en cumprimento da presente circular.

Artigo 16. *Inspeccións.*

De conformidade co artigo 7.39 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá realizar as inspeccións que considere oportunas co fin de confirmar a veracidade da información que, en cumprimento desta circular, lle sexa achegada.

Se como consecuencia das inspeccións se detectan diferenzas nos valores considerados de puntos de subministración e cantidade de gas natural subministrada, poderase corrixir, mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a retribución establecida.

Disposición adicional primeira. *Primeiro período regulatorio de aplicación.*

O primeiro período de aplicación da metodoloxía de retribución recollida na presente circular transcorrerá desde o 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2026.

Disposición adicional segunda. *Determinación do ano de gas 2021.*

O ano de gas 2021 iniciarase o 1 de xaneiro de 2021 e finalizará o 30 de setembro de 2021.

Disposición adicional terceira. *Unidades de aplicación.*

Para efectos de aplicación da metodoloxía que desenvolve esta circular, e salvo que se indique o contrario:

1. Os valores e importes expresaranse en euros (€) con dous decimais.
2. As cantidades de gas expresaranse en MWh con tres decimais.
3. O número de puntos de subministración non terá decimais.
4. Os prezos e as retribucións unitarias expresaranse en €/magnitud física con tres decimais.
5. As porcentaxes expresaranse con dous decimais.
6. Os tantos por un expresaranse con catro decimais.

Disposición adicional cuarta. *Parámetros retributivos para o primeiro período regulatorio.*

1. Para o primeiro período de aplicación desta circular, os parámetros previstos no artigo 7 quedan fixados do modo seguinte:

a) A retribución unitaria por punto de subministración (PS) conectado a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares en municipios gasificados ($RPS_{p \leq 4b}^{mg}$) fíxase en 50,47 €/PS.

b) A retribución unitaria por punto de subministración (PS) conectado a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares en municipios de gasificación recente ($RPS_{p \leq 4b}^{mgr}$) fíxase en 70,66 €/PS.

c) A retribución unitaria polo gas subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares con consumo anual inferior ou igual a 50 MWh ($RGS_{p \leq 4b}^{50MWh}$) fíxase en 7,57 €/MWh.

d) A retribución unitaria polo gas subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño igual ou inferior a 4 bares con consumo anual superior a 50 MWh e inferior ou igual a 8 GWh ($RGS_{p \leq 4b}^{8GWh}$) fíxase en 4,54 €/MWh.

e) A retribución unitaria polo gas subministrado e facturado a puntos de subministración conectados a redes de distribución de presión máxima de deseño entre 4 e 60 bares e/ou aqueles que están conectados a redes de distribución de presión igual ou inferior a 4 bares con consumo anual superior a 8 GWh ($RGS_{p < 60b}^{Resto}$) fíxase en 1,26 €/MWh.

f) A retribución unitaria adicional polo gas subministrado e facturado a novos puntos de subministración conectados a novas redes de distribución de presión máxima de deseño entre 4 e 60 bares postas en servizo despois do 31 de decembro de 2020 durante os primeiros 5 anos de gas desde que o punto de subministración inicie o seu consumo ($RGS_{4 < p < 60b}^{NPS}$) fíxase en 0,50 €/MWh.

g) A retribución unitaria adicional polo gas natural facturado a puntos de subministración de estacións de servizo para a súa venda como gas vehicular (RGS_{ESS}) fíxase en 0,50 €/MWh.

2. De acordo co artigo 60.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará mediante resolución, logo de trámite de audiencia, a porcentaxe en que, se é o caso, e de acordo coa correspondente análise de custos, proceda incrementar os parámetros de retribución aplicables á actividade de distribución de gas natural en territorios insulares.

Disposición adicional quinta. *Aplicación gradual da penalización para procurar a prudencia financeira.*

Para efectos de posibilitar a adaptación das empresas aos rangos de valores recomendables, a penalización establecida no artigo 13 non será aplicable ata o ano 2024, cuarto ano do primeiro período de aplicación da metodoloxía, sobre a base dun IGR baseado nos estados financeiros do ano 2022.

Disposición adicional sexta. *Cuantificación do axuste retributivo derivado do emprego de activos regulados en produtos e servizos conexos.*

Ata que se aprobe a resolución a que alude o artigo 9.3 sobre produtos e servizos conexos, considerarase o cincuenta por cento dos ingresos anuais obtidos na realización de produtos ou a prestación de servizos conexos para os efectos de minorar o valor anual da retribución.

Con todo, este axuste regularizárase se da citada resolución resulta unha porcentaxe inferior de ingresos.

Disposición adicional sétima. *Información regulatoria de custos.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, logo de audiencia, mediante circular, as disposicións pertinentes para o desenvolvemento da información regulatoria de custos e para a obtención de toda aquela información necesaria para determinar se as empresas distribuidoras están recibindo pola súa actividade de distribución de gas natural unha rendibilidade adecuada, nos termos que dispón o artigo 60.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro. A información regulatoria definirá os custos admisibles e ingresos que se deban considerar para as actividades ou funcións con retribución regulada.

Para os devanditos efectos, as empresas distribuidoras deberán levar unha contabilidade separada, para a península e cada territorio extrapeninsular, con detalle anual dos ingresos, gastos, activos e pasivos necesarios para desenvolver, tanto as

distintas actividades reguladas do ámbito da distribución previstas no artigo 91 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, como calquera outra actividade que sexa retribuída cun réxime económico regulado. Se é o caso, tamén levarán detalle das contas, separando os ingresos e os gastos (custos e investimentos) anualmente realizados, para cada un dos produtos ou servizos conexas definidos.

Disposición adicional oitava. *Avaliación do modelo retributivo.*

1. De conformidade cos artigos 129.4 e 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo unha avaliación do modelo retributivo establecido nesta circular antes de finalizar un período regulatorio.

2. A dita avaliación valorará o cumprimento dos criterios e principios xerais establecidos no artigo 92 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e nos artigos 59 e 60 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, así como o grao de cumprimento das orientacións de política enerxética establecidas no punto noveno da Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, ou os obxectivos que resulten do Marco estratéxico de enerxía e clima e da planificación das infraestruturas que se poida facer.

3. O resultado da avaliación plasmarase nun informe que se fará público e que virá precedido dun período de información pública. O devandito informe poderá referirse aos criterios que podería seguir unha eventual adecuación do modelo retributivo establecido na circular, a partir da avaliación dos seus efectos, coa finalidade de outorgar estabilidade e predicibilidade ao marco normativo establecido nesta circular para períodos regulatorios sucesivos.

Disposición transitoria primeira. *Retribución por desenvolvemento de mercado correspondente á variación de puntos de subministración de 2020.*

Regularizarase a retribución por desenvolvemento de mercado de 2020 correspondente á variación de puntos de subministración conectados a redes con presión de deseño inferior ou igual a 4 bares determinada por aplicación do anexo X da Lei 18/2014, do 15 de outubro, como consecuencia do cambio de procedemento para determinar a variación de puntos de subministración recollido na metodoloxía da circular.

As empresas distribuidoras terán dereito a unha retribución adicional por desenvolvemento de mercado en 2020 pola diferenza existente entre o número medio de puntos de subministración considerado para determinar a retribución do ano 2020 e o número de puntos de subministración en 31 de decembro de 2020 que, en aplicación desta circular, se tome en consideración para determinar a retribución por desenvolvemento de mercado de 2021.

Disposición transitoria segunda. *Retribución por desenvolvemento de mercado para o ano de gas 2021.*

A determinación da retribución por desenvolvemento de mercado para o ano de gas 2021 realizarase tomando a variación das cantidades de gas subministrado e facturado no período entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 30 de setembro de 2021 respecto do período entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de setembro de 2020.

Disposición transitoria terceira. *Retribución de municipios de gasificación recente anteriores ao 1 de xaneiro 2021.*

A aqueles municipios que, para efectos do punto 2 do anexo X da Lei 18/2014, do 15 de outubro, teñan a consideración de municipios de gasificación recente, seguiráselles aplicando a retribución unitaria por punto de subministración establecida nesta circular ata o cumprimento dos cinco anos desde o ano da súa primeira posta en servizo.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de marzo de 2020.–O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, José María Marín Quemada.